



Nun escrito anterior, de data 6 de novembro de 2003, o Pleno do Comité Intercentros solicitaba a readmisión dun auxiliar administrativo que foi contratado para reforzar a actividade dun rexistro durante o desempeño polo seu titular do cargo electivo de secretario no seo da Xunta de Persoal.

Dende o Comité somos conscientes da dificultade que supón conxeniar o traballo que desenvolvemos na universidade co compromiso sindical, e máis aínda, cando se asumen responsabilidades nos órganos de representación. O labor que desempeñamos os representantes dos traballadores ten que ser necesariamente recoñecido pola empresa quen debe valorar, na súa xusta medida, a importancia da actividade sindical, non só pola súa imprescindible participación na solución dos conflitos mediante pactos e acordos, senón tamén polo compromiso que os sindicatos asumimos na mellora e a defensa dos servizos públicos.

Para poder realizar plenamente o traballo sindical a lexislación e a normativa de aplicación prevé a posibilidade de que os sindicatos poidan ter liberados, nun número sempre acorde cos resultados das últimas eleccións sindicais. Esta opción significa que durante o tempo que dura esta dispensa os liberados teñen que renunciar a realizar as tarefas propias da súa profesión. É por iso, polo que no seu día nos resultou incomprensible que a Universidade empregara para satisfacer un dereito unha fórmula de contratación irregular para o apoio ás tarefas que o Presidente e o Secretario da Xunta de Persoal tiñan que desenvolver na súa condición de funcionarios, producindo unha discriminación respecto do persoal laboral ó que non se lle deron as mesmas facilidades para simultanear o traballo profesional e a actividade sindical.

Como está a demostrar o improcedente despedimento que mencionabamos o inicio deste escrito, o procedemento escollido non só foi discriminatorio senón que, polo que se ve, tampouco foi a mellor decisión para os intereses da empresa que agora, inxustificadamente incumpe a normativa laboral ó non respectar as cláusulas dun contrato.

Para aplicarnos a todos os mesmos dereitos en pé de igualdade ó mellor, o noso entender, é que a empresa e os sindicatos máis representativos abordemos este problema e intentemos chegar a un acordo, tal e como xa teñen outras universidades, que ó amparo da normativa vixente regule as dispensas sindicais nas mesmas condicións de igualdade para tódolos traballadores e traballadoras sen importar a relación laboral que se manteña coa empresa.

Vigo, 20 de novembro de 2003.

O PRESIDENTE DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Cándido Pérez Betanzos

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO